



REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE MIGRACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LIMIAR

A aprobación da Constitución Española en decembro do ano 1978 significou un cambio decisivo para os cidadáns españois pero tamén tivo influencia directa na regulación da inmigración. En concreto no título 1 da Constitución, no seu artigo 13.1 reconece que os estranxeiros gozarán en España das liberdades públicas que garantizan o presente Título nos termos que establezan os Tratados e a Lei, todo isto tendo en conta o prescrito no artigo 9 no que se prevé a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a súa participación na vida política, económica, cultural e social.

A remisión que fai o texto constitucional á Lei, aos Tratados, á Declaración de Dereitos Fundamentais, ós diferentes Convenios reguladores en materia de Dereitos Fundamentais que vencellan a España, pon de manifesto que non estamos ante unha mera declaración de principios desprovista de sentido xurídico.

Así en cumprimento do anterior se elaborou a LO 7/1985 de 1 de xullo sobre Dereitos e Liberdades dos Estranxeiros en España, derogada pola LO 4/2000 de 11 de xaneiro que prescribía no seu artigo 4.1 que os estranxeiros gozarán en España dos dereitos e liberdades recoñecidos no Título 1 da Constitución, nos termos establecidos na presente Lei e nas que regulen o exercizo de cada un deles.

Pero é coa LO 4/2000, do 11 de xaneiro, "sobre derechos y libertades de los extranjeros en España y su integración social", modificada pola LO 8/2000, de 22 de decembro, pola LO 11/2003, de 29 de setembro, e pola LO 14/2003, de 20 de novembro, cando se introducen e se amplían os dereitos e liberdades dos estranxeiros.

A participación das Comunidades Autónomas e dos Entes Locais nas decisións sobre a inmigración, como se recolle na normativa de referencia conduce a unha maior garantía dos seus dereitos e ó cumprimento do establecido nas mesmas.

O artigo 42 da Constitución española di "El Estado velara especialmente por la salvaguardia de los derechos económicos y sociales de los trabajadores españoles en el extranjero, y orientará su política hacia su retorno."

E, o artigo 41 da Constitución española sinala "Los poderes públicos mantendrán un régimen publico de Seguridad Social para todos los ciudadanos, que garantice la asistencia y prestaciones sociales suficientes ante situaciones de necesidad, especialmente en caso de desempleo.

La asistencia y prestaciones complementarias serán libres."

O labor das Administracións Públicas en materia de estranxeiría e migracións débese orientar cara a unha política de aceptación dunha inmigración que se establece en España, e por ende na nosa Comunidade autónoma e no noso concello, que analice a situación do inmigrante e adopte condicións dignas que faciliten a integración e o desenvolvemento persoal dos inmigrantes estranxeiros e dos emigrantes retornados.

Tamén debémonos referir a outras dúas realidades ás que facer fronte no noso Concello. Por unha banda, temos preto de seis mil santiagueses residindo no exterior, o 50% deles de primeira xeración e os restantes fillos ou netos que adquiren a condición de santiagueses pola herdanza familiar ou por propia decisión. Cidadáns e cidadás de Compostela que necesitan tamén da nosa atención e en moitos casos unha atención especializada posto que atravesan por situacións de verdadeira precariedade.

Por outra banda, algo que nos debería preocupar especialmente, é o número crecente de santiagueses, mozos e mozas, formados na nosa Universidade que teñen que saír fóra da nosa Comunidade Autónoma para acadar ese espazo de traballo que lles permita exercer a súa profesión. Así como os traballadores cualificados do campo da construción ou da hostalería que prefiren ter que emigrar a Cataluña, Andalucía ou a Canarias, con tal de gañar un soldo máis digno e unhas condicións de traballo mellores que as que aquí se lles ofertan.

Todos estes temas que debemos de afrontar dependen de competencias estatais, que agora están a negociar o seu traspaso ás Comunidades Autónomas, pero que ó final do camiño e, en primeiro lugar, a quen afectan e a nós, ó noso Concello.

A eficacia da Administración e a coordinación entre as distintas Administracións (Estado, Comunidades Autónomas e Municipios) é imprescindible xa que os resultados dependerán das políticas públicas levadas a cabo.

En cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Santiago de Compostela, aprobado polo Pleno do día 4 de decembro de 1998, sempre en concordancia co disposto na Lei de Bases de Réxime Local, modificada pola lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, no Real Decreto 2568/1986 polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, a propia Lei 4/93 de servizos sociais de Galicia, a Consellaría de Emigración e Inmigración propón ó colectivo de persoas inmigrantes, emigrantes retornados, e emigrantes da nosa cidade, á Xunta de Goberno Local, á Comisión informativa da Área social, e finalmente ó Pleno do Concello de Santiago de Compostela, unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida municipal dos cidadáns e cidadás de Compostela na que se atenda ás características específicas do colectivo de persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes o que val dirixido, e ás particularidades organizativas que lle son propias.

CAPÍTULO 1. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.

O Consello Municipal de Migracións é un órgano de participación sectorial, establecido en base ás previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón a Lei de Bases de réxime local, LO 7/85, do 2 de abril, e a modificación da Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno local, de 16 de decembro, a Lei 5/97, de Administración

local de Galicia, de 22 xullo, e a Lei 4/93, de Servizos sociais, de 14 abril, e o Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago.

Artigo 2.

De conformidade coas determinacións legais citadas no artigo anterior e no Real decreto 2568/1986, polo que se aprobou o Regulamento de organizacións, funcionamento e réxime das entidades locais e no título IV do Regulamento de participación cidadá, o Consello de Migracións terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito.

Configúrase como un órgano permanente de participación facendo de punto de encontro entre a Administración local e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballen neste ámbito. Levando a cabo funcións de informe e, no seu caso, proposta, en todas as cuestións referentes as súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como, a autonomía e a integración social dos/as persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes.

Artigo 3.

Consonte co seu obxecto correspóndelle entroutros, a satisfacción dos seguintes fins:

1.-Servir de canle de participación e diálogo cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para os/as emigrantes, emigrantes retornados e inmigrantes.

2.-Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo das persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes do noso municipio.

3.-Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan neste ámbito.

4.-Promover a realización de estudos e investigación sobre persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes, e calquera outra acción que se derive da propia dinámica social do municipio.

5.-Presentar iniciativas, propostas ou suxerencias ás diversas Concellarías, á Corporación, ós Consellos municipais e a cantas outras institucións e administracións públicas, incidan coas súas actuacións neste ámbito, co gallo de garantir a coordinación das actuacións que se deriven da mesma, así como as propostas de actividades ou accións que deriven na consecución dun Plan Municipal para a resolución da problemática das persoas migrantes.

6.-Así mesmo a Corporación municipal poderá solicitar informe ó Consello de Migracións nos temas que se considere pertinente da materia tratada.

7.-E calquera outra fin tendente á prevención da exclusión e ó apoio á integración social dos estranxeiros inmigrantes e emigrantes retornados residentes no concello que contribúa a acadar o benestar, a autonomía e a integración social no noso municipio.

A consecución destes fins se atribúen sen menoscabo das funcións que lles corresponden a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 4.

O Consello Municipal de Migracións do Concello de Santiago de Compostela terá a seguinte composición: Pleno, presidente/a, vicepresidente/a e secretario/a.

Así mesmo poderanse constituír Comisións de traballo, encargadas de preparar e desenvolver os traballos do órgano plenario do Consello.

Artigo 5.

O pleno é o supremo órgano de decisión e formación da vontade do Consello. Estará integrado polos seguintes membros:

- O/a presidente/a
- O/a vicepresidente/a
- Os/as vocais
- O/a secretario/a

Artigo 6.

A Presidencia do Consello de Migracións corresponde ó Excmo. Sr. Alcalde ou concelleiro/a da corporación en quen delegue. E terá como atribucións propias as seguintes:

1. Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello.
2. Ostentar a representación do Consello.
3. Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día, tendo en conta no seu caso as peticións dos demais membros formuladas por escrito e con suficiente antelación a través do Rexistro Municipal.
4. Presidir sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
5. Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello.
6. Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do Consello Municipal de Migracións.
7. Dirimir co seu voto os empates ós efectos de adoptar os acordos.
8. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a.

A Vicepresidencia recaerá no Concelleiro/a delegado/a da área de Emigración e Inmigración.

As súas funcións serán:

1. Auxiliar o/a Presidente do Consello Municipal de Migracións nos asuntos que este requira.

2. Suplir as funcións do/a presidente/a por delegación deste/a, ausencia, enfermidade ou calquera circunstancia que impida a presenza da Presidencia na reunión.

Artigo 7.

O/a secretario/a do Consello Municipal de Migracións será o/a da Corporación, ou funcionario/a no/a que delegue. Terá entre outras atribucións:

1. Preparar a orde do día
2. Realizar as correspondentes convocatorias.
3. Levantar acta das sesións dos órganos do Consello Municipal de Migracións e custodiar as mesmas.
4. Expedir certificacións dos acordos adoptados.
5. Asistir as reunións con voz pero sen voto.
6. Todas aquelas que lle sexan propias do seu labor de secretario/a, de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 8.

8.1 Ós vocais do Pleno do Consello corresponde a seguinte distribución:

Un/unha representante de cada Grupo Municipal existente na Corporación.

Un/unha representante de cada un dos Sindicatos con representación no municipio.

Ata un máximo de seis daquelas asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes que estean inscritas como tal no Rexistro municipal de Asociacións.

Ata un máximo de catro representantes daquelas asociacións que traballen en prol da igualdade e prestación de servizos a inmigrantes e emigrantes retornados que estean inscritas como tal no Rexistro municipal de Asociacións.

Un/unha representante da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

Un/unha representante da Cámara de Comercio.

Un/unha representante da Confederación de Empresarios.

Un/unha representante da Universidade.

Dous representantes, a designar entre elas, das Obras Sociais das Caixas de Aforros.

Un/unha representante da Concellaría de Centros Socioculturais do Concello de Santiago de Compostela.

Un/unha representante da Concellería de Emigración-Inmigración do Concello de Santiago de Compostela.

Un/unha representante elixido/a polo Consello Municipal de Relacións Veciñais.

Un/unha representante do Colexio Oficial de Avogados de Santiago. Un/unha representante do Colexio Oficial de Traballo Social.

8.2 A proposta de 3/5 partes do Pleno do Consello ou da Presidencia, os membros do Consello poderanse ampliar puntualmente coa representación doutras entidades que traballen no eido das persoas inmigrantes, emigrantes retornados e emigrantes. A tal efecto a incorporación deberá ser solicitada mediante escrito dirixido á Concellaría de Emigración e Inmigración, que trasladará a petición ó Pleno do Consello.

8.3 A Presidencia, en función dos temas a tratar, poderá convocar a outros rexedores do ámbito propio do Consello, a responsables de entidades ou profesionais de recoñecido prestixio, en calidade de asesores, para participar nas Sesións plenarias, e nas Comisións de traballo do Consello, tendo no mesmo voz pero sen voto.

Artigo 9.

Os/as vocais do Consello serán designados mediante o correspondente acordo polas asociacións, entidades ou institucións ás que representen.

A actuación dos/as integrantes do Consello Municipal de Migracións coincidirá co mandato da Corporación Municipal sendo renovados ó inicio do novo mandato. Para o caso de que se produzan cambios internos nas directivas das asociacións, entidades ou institucións representadas no Consello deberán ser comunicados por escrito dirixido a Concellaría de Emigración e Inmigración, á maior brevidade posible.

Artigo 10.

10.1 Serán funcións dos/as vocais do Pleno do Consello:

1. A participación nos debates, efectuar as propostas e elevar recomendacións ó Pleno do Consello.
2. Exercer o seu dereito ó voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os seus motivos que o xustifican.
3. Formular rogos e preguntas.
4. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
5. Cantas outras funcións lle sexan inherentes á súa condición de vocal.

10.2 En todo caso a asistencia dos membros representantes das asociacións ou entidades será voluntaria e altruísta, sen que supoña para estas a adquisición de compromisos alleos ós derivados dos contemplados neste regulamento.

Artigo 11.

O Pleno do Consello Municipal de Migracións poderá acordar a constitución de Comisións de traballo, con carácter temporal ou permanente, segundo os seus intereses,

necesidades e posibilidades; formando parte das mesmas as persoas designadas polas asociacións ou entidades que formen parte do Consello.

A Presidencia, logo de vista e aprobada a convocatoria por maioría do Consello e a proposta formulada polas asociacións que forman parte do mesmo, nomeará ó/a coordinador/a de cada Comisión de traballo. Serán competencias do/a coordinador/a impulsar e coordinar as actuacións da comisión correspondente así como exercer a súa representación.

As comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia que deberán remitir ó Pleno do Consello para ser obxecto de debate e estudio.

CAPÍTULO III RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS.

Artigo 12.

12.1 O Pleno do Consello Municipal de Migracións reunirse alomenos dúas veces ao ano en sesión ordinaria, e, en sesión extraordinaria, sempre que a Presidencia o considere necesario ou o solicite a cuarta parte dos/as membros.

12.2 A convocatoria para as sesións ordinarias farase cunha antelación mínima de oito días, e irá acompañada da orde do día, e, se procede, da documentación correspondente.

O réxime das reunións das Comisións de traballo, dada a súa especificidade, será flexible e axeitada á urxencia de cada tema.

Artigo 13.

As sesións terán lugar en primeira convocatoria cando concorran máis da metade dos/as membros que legalmente compoñen o Consello e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, se concorre alomenos a súa terceira parte. Requírese en todo caso a presenza do/a presidente/a e do/ secretario/a ou dos/as que legalmente os/as substitúan.

Artigo 14.

Os acordos, tanto no Pleno coma nas Comisións de traballo, adoptaranse por maioría dos/as asistentes, os/as que, polo seu propio carácter consultivo, poderán aportar votos particulares. En caso de empate terá lugar unha segunda votación e de producirse o empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a. O voto é persoal e indelegable.

Artigo 15.

A secretaría do Consello levantará acta de cada sesión na que figurarán os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflectir fielmente a sesión.

As actas serán asinadas polo/a secretario/a có visto e praxe da Presidencia e serán sometidas para a súa aprobación ó inicio da seguinte sesión.

Artigo 16.

O nomeamento de calquera integrante do Consello Municipal de Migracións poderá extinguirse por:

- a) Revogación por parte da entidade á que representa.
- b) Por falecemento ou renuncia expresa do/a interesado/a ou incapacitación.
- c) Pola ausencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas no prazo dun ano.
- d) Por cada membro ou vocal poderase designar un/unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas do/a titular por ausencia xustificada deste/a.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Consello Municipal de Migracións aprobará a súa composición que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto por este regulamento corresponde á Presidencia do Consello adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras deste, así como as normas Reguladoras da participación cidadá, informando ó Pleno na sesión seguinte para a súa ratificación e proponendo, se procede, a correspondente modificación normativa.